

“En casi todas as especies de animais altamente especializadas (é dicir, nunha maioría) pódese dar ou indicar o complexo de condicións externas típicas da especie, que deben ser satisfeitas a fin de que esa especie se manteña, viva e se reproduza. Agora ben, eu non podo atopar ese complexo de condicións naturais dadas de antemán para o xénero home, coa excepción de algunhas moi xerais, válidas para todo organismo (aire, certas condicións de presión atmosférica, etc.). O home non vive nunha relación de acomodamento orgánico ou instintivo a calesquera condicións concretas externas, senón que a súa constitución forza, pero produce tamén unha actividade intelixente e planificadora, que lle permite afrontar técnicas e medios para a súa existencia a partir de constelacións moi arbitrarias de circunstancias naturais mediante unha mutación das mesmas. Por iso vémolos vivir en todas partes, moi ao contrario das rexións xeograficamente moi circunscritas de todos os animais especializados. Vive nos desertos e nas rexións polares: xunto a antílopes e osos polares; nas altas montañas, estepas e selvas virxes, na auga e en todos os climas, pero sobre todo nas cidades. De ahí que non se poda sinalar unha disposición específica, valedeira para todo o xénero...”

O home pode todo isto porque créase para se mesmo a súa esfera cultural a partir de calesquera circunstancias existentes. Esa esfera ten nel o lugar do medio ambiente ou circum-mundo, e pertence agora ás condicións de vida naturais deste ser non especializado e organicamente carente de medios. Por iso, a cultura é un concepto antroppo-biolóxico e o home, por natureza, un ser cultural. Un aborixen australiano dispón xa duns douscentos aparatos e técnicas, por medio das cales afírmase no seu desconsolador entorno. Por tanto, cultura é, nunha primeira aproximación, a totalidade dos medios materiais representativos; das técnicas obxetivas e as técnicas mentais, incluíndo as institucións polas que se mantén unha determinada sociedade.”

Arnold Gehlen. O home. A súa natureza e o seu lugar no mundo.

CUESTIÓN TEXTUO:

1. ¿O ser humano habita unha rexión xeográfica natural propia? Con outras palabras: ¿posúe a especie humana un medio ambiente natural particular?, en relación a esta pregunta, ¿que quere dicir Gehlen ao afirmar que o humano é un *ser non especializado e organicamente carente de medios*? Razoa a resposta e aporta unha cita para xustificar a túa explicación.
2. No caso das demais especies animais: ¿Cada especie animal habita unha rexión xeográfica natural propia?, a propósito deste asunto, ¿por que fala o autor de *especies de animais altamente especializadas*? Xustifica a resposta en base ao texto e incorpora a cita correspondente.
3. ¿Cal ven a ser, segundo o autor, o circum-mundo propio do home?, ¿é un mundo natural?, ¿por que os humanos viven nese circum-mundo?, ¿que características propias da especie humana mencionadas no texto explican o feito de que os humanos habiten ese mundo? Argumenta as respostas e aporta a cita pertinente.
4. ¿O texto defende unha visión do humano un como un ser completamente natural?, ¿ou como totalmente artificial?, ¿o humano pode prescindir da natureza, segundo Gehlen? Xustifica a resposta e recolle unha cita do texto.